CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en establecementos regrados

Febreiro 2017

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de febreiro de 2017**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2016 e anteriores.

FEBREIRO 2017

Tab 1. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación nos establecementos regrados. Febreiro 2017

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	%	Var. Int. 17/16
HOTEIS	156.302	4,8%	253.126	-3,1%	1,62	-7,6%	25,51%	0,68
PENSIÓNS	23.295	-3,4%	53.341	-5,0%	2,29	-1,7%	13,13%	-0,53
ESTAB. HOTELEIROS	**179.598**	**3,7%**	**306.468**	**-3,4%**	**1,71**	**-6,9%**	**21,90%**	**0,22**
APTOS. TURÍSTICOS	5.401	-10,6%	15.073	5,4%	2,79	17,9%	15,20%	1,60
CÁMPINGS	147	-44,1%	255	-44,2%	1,73	-0,2%	5,87%	-1,52
TURISMO RURAL	5.529	-7,0%	8.952	3,1%	1,62	10,8%	6,62%	1,19
ESTAB. EXTRAHOTEL.	**11.077**	**-9,6%**	**24.280**	**3,6%**	**2,19**	**14,5%**	**-**	**-**
TOTAL	**190.675**	**2,8%**	**330.748**	**-3,0%**	**1,73**	**-5,6%**	**-**	**-**

- No pasado mes de febreiro Galicia rexistra un incremento do volume de viaxeiros aloxados nos establecementos regrados da comunidade, do 2,8%, ata situarse en pouco máis de 190 mil. Descende, en cambio, o número de noites rexistradas, nunha porcentaxe semellante, do 3,0% neste caso, acadando 330 mil no conxunto da comunidade. Tal circunstancia vén como consecuencia dunha caída da estadía media superior en intensidade ao incremento do volume de viaxeiros –descende neste mes un 5,6% ata situarse en 1,73 noites de media-.
- O descenso da demanda deste mes contraponse aos incrementos rexistrados nos dous últimos anos cando o número de noites subira un 3,5% en febreiro de 2015 e un 14,7% en 2016 –rompendo neste caso cunha serie de caídas consecutivas nos cinco anos anteriores, de 2009 a 2014-. Fréase, por tanto, a tendencia positiva do último bienio quedando o volume final de noites en pouco máis de 330 mil no conxunto dos establecementos regrados de Galicia –dato obviamente inferior ao do pasado ano mais superior ao rexistrado nos cinco anteriores-.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é diferente. O incremento deste ano engádese ao rexistrado nos tres anteriores –con subas do 6,0% en febreiro de 2014, do 6,2% en 2015 e do 13,0% en 2016-. Son catro anos consecutivos de crecemento dando como resultado que a cifra global supere levemente o nivel dos 190 mil viaxeiros aloxados –o dato máis elevado dos últimos nove anos-.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de Febreiro 2005-17



- En termos de volume as variacións deste mes tradúcense na xeración de pouco máis de 5.200 novos viaxeiros aloxados mais tamén na perda de algo máis de 10.000 noites en relación ao mes de febreiro de 2016.
- A nivel estatal obsérvase igualmente unha mellora da cifra de viaxeiros aloxados –do 2,5%- e un descenso paralelo aínda que baixo en intensidade do volume de noites –cae un 0,7% neste caso-.
- Obsérvase un comportamento dispar da demanda a nivel das comunidades autónomas neste segundo mes do ano. Dun lado increméntase o número de noites en nove delas destacando en intensidade a suba rexistrada en Cantabria –destino que lidera o comportamento positivo neste mes cun 12,2%-. Seguen en orde de importancia Castela A Mancha –cun crecemento do 6,0%- e Aragón –cunha suba neste caso do 5,4%-.
- A demanda mantense estable a grandes trazos na C. Valenciana e, en cambio, descende en sete comunidades, tamén con diversa intensidade. Galicia sitúase neste grupo se ben outros destinos amosan un descenso algo máis acusado. Neste caso é Navarra a comunidade na que a demanda –medida en número de noites- cae con maior intensidade –nun 5,6% neste caso-.
- En termos de viaxeiros aloxados o comportamento positivo é máis xeneralizado observándose un descenso en só dúas comunidades –Andalucía e Estremadura neste caso-. Novamente é Cantabria o destino que rexistra o incremento máis destacado cun 9,3% en relación ao mes de febreiro do pasado ano. Seguen en orde de importancia Aragón –cunha suba do 8,2%- e Murcia –cun 6,2% neste caso-.
- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste segundo mes do ano unha posición máis retrasada en termos de ranking –en realidade no posto número once- representando o 1,5% do total de España. Canarias é o destino de maior peso en termos de demanda turística regrada con algo máis de 8,1 millóns de pernoctacións no mes de febreiro –o 37,3% do total-. Sitúanse a continuación e xa con certa distancia Andalucía –con algo máis de 3,2 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con máis de 2,6 millóns- e a C. Valenciana –con máis de 2,4 millóns

neste caso-. Nun segundo grupo localízase Madrid –con pouco máis de 1,8 millóns-. Só estas cinco comunidades agrupan ao 84% do total da demanda turística regrada do conxunto de España.

- En febreiro o 92,7% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 76,5%- como ás pensións –co 16,1% neste caso-. O 7,3% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 4,6% da demanda total- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 2,7%-. Os cámpings apenas rexistran niveis de demanda aceptables e nin sequera chegan ao 0,1% do total da demanda regrada, circunstancia propia en todo caso da temporada baixa.

Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Febreiro 2017



- Por tanto, o comportamento global da demanda turística regrada vén moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros, e particularmente nos hoteis. Tres de cada catro pernoctacións prodúcense xustamente nesta tipoloxía.
- En termos globais os dous grandes segmentos da oferta de aloxamento presentan un comportamento dispar neste mes de febreiro contribuíndo de distinta maneira á conxuntura global. Dunha banda, os establecementos hoteleiros amosan unha caída das pernoctacións do 3,4% auspiciada por un descenso da estadía media xa que a cifra de viaxeiros aloxados increméntase nun 3,7%. Doutra banda, no conxunto do aloxamento extrahoteleiro obsérvase un incremento global da demanda, do 3,6%, como consecuencia dunha mellora da estadía media –do 14,5%- nun contexto no que a cifra de viaxeiros aloxados cae preto dun 10%.
- En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase tamén neste mes disparidade de comportamento, con variacións de diversa dirección e intensidade. Dun lado increméntase a demanda nos apartamentos turísticos –un 5,4%- e nos establecementos de turismo rural –un 3,1%-. En ambos casos esta mellora procede dun incremento da estadía media xa que a cifra de viaxeiros aloxados nas dúas tipoloxías cae en relación ao pasado ano –un 10,6% nos apartamentos turísticos e un 7,0% nos establecementos de turismo rural-.

- Nos hoteis e nas pensións, en cambio, obsérvase unha caída da demanda parella en intensidade –descende un 3,1% nos primeiros e un 5,0% nas segundas-. Neste caso os motivos son dispares. A demanda nos hoteis cae como consecuencia dun descenso da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados increméntase nun 4,8%. Nas pensións, en cambio, a caída vén motivada por un menor volume de viaxeiros en relación ao mes de febreiro do pasado ano –descende un 3,4% neste caso-.
- Aínda que a súa presenza é practicamente nula en termos de volume e peso si se constata tamén unha caída importante tanto do volume de viaxeiros aloxados coma das pernoctacións nos cámpings –descenden un 44% en relación ao pasado ano-.

Fig. 3. Variación interanual dos viaxeiros e noites en estab. regrados. Febreiro 2017/16, por tipoloxías



- A dinámica positiva dos apartamentos turísticos eleva o nivel de febreiro deste ano a pouco máis de 15 mil pernoctacións, cifra que supón un máximo histórico na nosa comunidade. Acumula neste sentido cinco anos consecutivos de mellora da demanda neste segundo mes do ano. No ámbito do turismo rural son tres os anos consecutivos de crecemento das pernoctacións no mes de febreiro colocando o dato deste 2017 en preto de nove mil para o conxunto da comunidade –a cifra máis elevada dos últimos oito anos-.
- No ámbito hoteleiro o descenso deste mes coloca o nivel final en pouco máis de 306 mil noites, cifra obviamente inferior á do pasado ano máis superior á rexistrada nos cinco anteriores.
- Dentro do mesmo obsérvase un comportamento tamén dispar e variado. Sobe a demanda no segmento de nivel intermedio –hoteis de unha e dúas estrelas- con notable intensidade –un 9,7% nos primeiros e un 15,9% nos segundos-. En ambos casos esta mellora provén cun crecemento da cifra de viaxeiros aloxados, nun porcentaxe próxima ao 20%.
- No segmento de categoría alta e baixa, en cambio, obsérvase unha caída da demanda de diversa intensidade. No ámbito dos hoteis descende o volume de pernoctacións un 8,9% naqueles de catro e cinco estrelas –como consecuencia dunha caída da estadía media- e un 4,6% nos de tres estrelas –provocada por un descenso neste caso da cifra de viaxeiros aloxados de similar intensidade-.

- No ámbito das pensións cae a demanda en ambos segmentos –un 2,6% naquelas de tres e dúas estrelas e un 7,8% nas de unha estrela- como consecuencia tamén de factores dispares –nas primeiras por un claro descenso da estadía media, superior ao incremento da cifra de viaxeiros aloxados, e nas segundas por unha caída importante do volume de viaxeiros aloxados-.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese nunha perda de case once mil noites no segmento hoteleiro e, pola contra, nun incremento de preto de 900 noites no ámbito extrahoteleiro. Ambas cifras, principalmente esta última, son baixas e mesmo irrelevantes en termos de variación interanual, e case falan de certa estabilidade da demanda cando menos no ámbito extrahoteleiro.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Febreiro 2017



- Neste mes de febreiro o 83% da demanda turística regrada corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno -o dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional -aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 17% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e aproxímase á estrutura observada en termos de viaxeiros –neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 83,7% mentres que o internacional representa o 16,3%-. Esta distribución aseméllase bastante á observada nos últimos meses do pasado ano e no mes de xaneiro deste 2017 e caracteriza en boa medida o perfil da demanda en temporada baixa.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento dispar neste mes de febreiro. O turismo nacional cae –un 6,5% en relación ao pasado ano- como consecuencia esencialmente dun descenso da estadía media pois a cifra de viaxeiros españois aloxados nos establecementos regrados de Galicia mantense relativamente estable. Este descenso rompe cunha dinámica de crecemento do mercado nacional nos tres anos anteriores –con subas consecutivas do 1,1% en febreiro de 2014, do 2,8% en 2015 e do 16,1% en 2016- e sitúa o nivel final en preto de 275 mil noites.
- O turismo internacional presenta en cambio resultados positivos incrementando nun 23,3% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 19,2% o nivel de pernoctacións de febreiro de 2016. Neste caso son tres anos consecutivos de incremento do turismo internacional en Galicia neste segundo mes do ano –do 7,8% en 2015, do 6,6% en 2016 e do 19,2% agora en 2017-,

circunstancia que coloca os niveis deste ano en algo máis de 56 mil noites –a cifra máis elevada desde o 2010-.

Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións por procedencia, nos estab. regrados. Febreiro 2017/16



- Tal como se comentou anteriormente en termos relativos o turismo internacional representa neste mes de febreiro o 16,3% do total de viaxeiros aloxados e o 17,0% das pernoctacións, cifras semellantes ás dos últimos meses do pasado ano e tamén á de xaneiro de 2017. Este segundo mes do ano sitúase, por tanto, cun perfil da demanda propio da temporada baixa. Con todo as porcentaxes anteriores son elevadas en relación ao que se vén observando nos últimos anos –de feito son as máis altas desde o 2008- circunstancia que reforza o progresivo peso que o mercado internacional gaña na estrutura da demanda turística en Galicia.

- O comportamento dos dous segmentos de mercado reprodúcese, con diversa intensidade, nas dúas grandes tipoloxías de aloxamento. Así a demanda nacional cae tanto no segmento hoteleiro coma no extrahoteleiro, en porcentaxes semellantes –un 6,7% no primeiro e un 4,2% no segundo-. O turismo internacional mellora en cambio en ambas tipoloxías –un 16,2% no segmento hoteleiro e un 87,6% no extrahoteleiro-. Esta última porcentaxe non é moi representativa pois atinxe a un volume moi baixo de pernoctacións internacionais nos tres establecementos considerados: apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural. En concreto, pouco máis de 3.700 neste mes.

- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase en 1,73 noites, cifra que descende un 5,6% -provocando desta maneira que o incremento da cifra de viaxeiros aloxados non se traduza nunha mellora do volume de noites-. Este dato contraponse ao incremento rexistrado en febreiro do pasado ano –cando a estadía media subira un 1,5% mais segue a tendencia dos dous anos anteriores. Esta dinámica coloca en consecuencia a cifra final en pouco máis de 1,7 noites, dato que supón un mínimo histórico na nosa comunidade pois nunca antes a estadía media en febreiro baixara de 1,8 noites de media.

- Os apartamentos turísticos son a modalidade que presenta as estadías máis elevadas, con 2,8 noites de media neste mes de febreiro. As pensións rexistran tamén un valor importante, cunha media de 2,3 noites. Estas dúas cifras destacan claramente por encima das restantes

modalidades que se sitúan en 1,7 noites no caso dos cámpings e en 1,6 noites nos hoteis e nos establecementos de turismo rural. Esta distribución aseméllase bastante á observada no pasado mes de xaneiro.

Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Febreiro 2017



- A estadía media sobe en dúas tipoloxías, con notable intensidade –en particular increméntase un 17,9% nos apartamentos turísticos e un 10,8% nos establecementos de turismo rural-. Mantense estable nos cámpings e descende sen embargo nos hoteis –un 7,6%- e nas pensións –un 1,7% neste caso-.
- A estadía media en Galicia sitúase entre as máis baixas do conxunto do Estado onde novamente Canarias –cunha media de 7,7 noites- rexistra o valor máis elevado de toda España. Con 4,3 noites sitúase a continuación Baleares, por diante da C. Valenciana –que rexistra un promedio de 4,0 noites- e Murcia –que rexistra unha media de 3,3 noites neste caso-. No lado contrario é Estremadura a que marca o valor máis baixo –quedando novamente por debaixo de 1,7 noites de media neste caso-.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Febreiro 2017



- Desde o punto de vista da ocupación obsérvase un comportamento semellante ao comentado do lado da demanda aínda que con algunha pequena diferenza. A ocupación mellora nos hoteis –algo máis de medio punto porcentual como consecuencia dun axuste da oferta nun contexto de caída da demanda-, nos apartamentos turísticos –en 1,6 puntos por unha mellora da demanda- e nos establecementos de turismo rural –pouco mais dun punto neste caso tamén como consecuencia da mellora do número de noites-.
- No lado contrario obsérvase unha caída da ocupación nas pensións –de medio punto porcentual- e nos cámpings –de punto e medio neste caso-.
- Os hoteis son a modalidade de aloxamento que presentan o nivel de ocupación máis elevado cun 25,5% de media neste mes. Nas pensións e nos apartamentos turísticos a cifra sitúase por encima do 10%.
- Neste mes son os cámpings os que presentan o nivel de ocupación máis baixo de toda a oferta regrada cun 5,9%.